



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es



CARMEN GOMEZ OTERO SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de servizos sociais con data vinteseite de novembro de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 590 / 2015

Data decreto: 27/11/2015

Descrición decreto: Rescisión contrato xerocultor/ auxiliar de xeriatria da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto de Dna. Begoña Regueiro Sánchez.

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ, PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto que por Decreto da 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de servizos sociais 574/2015 de data 10/11/2015 se resolve nomear a Dna. Begoña Regueiro Sánchez como xerocultor/ auxiliar de xeriatria para reforzo dos servizos na Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto, con data de alta na seguridade social e formalización do contrato o 11/11/2015.

Considerando que variaron as circunstancias que motivaron a contratación desta persoa e xa non é necesario o reforzo do servizo.

Visto o Decreto 478/2015 de data 16/09/2015 de delegación de atribucións da Alcaldía en relación a sinatura e xestión nas materias das áreas de servizos sociais e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Que con data 27/11/2015 se rescinda o contrato de traballo asinado coa xerocultor/ auxiliar de xeriatria Dna. Begoña Regueiro Sánchez con DNI 78802691E.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente este decreto á traballadora afectada, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos de intervención para que se leve a cabo a súa baixa.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello en Boimorto vinteseite de novembro de dous mil quince do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe

A 1ª Tenente de Alcalde e

Perante min, a secretaria

Concelleira delegada de servizos sociais

Asdo.- Maria Jesus Novo Gomez

Asdo.- Carmen Gomez Otero>>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en BOIMORTO, a 27 de novembro de 2015



Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

